

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

Es_factory

España - Portugal

ES-Factory Coop

COOPERATIVA DE IMPULSO AO EMPREENDEMENTO

Unimos persoas, facemos proxectos



QUE É?

Un programa de impulso e dinamización que facilita a creación de cooperativas. Neste programa as persoas adquirirán competencias e habilidades de xestión empresarial en cooperativas a través de formación e acompañamento interim manager.

QUE BUSCAMOS?

- ◆ Identificar ideas con potencial para a creación dunha cooperativa
- ◆ Seleccionar proxectos viables e sostibles
- ◆ Crear equipos multidisciplinares cooperativos e formalos para un emprendemento exitoso
- ◆ Apoio no lanzamento da túa entidade e na busca de financiamento.

COMO PARTICIPAR NO PROGRAMA

Existen tres formas de participar no programa:

1

Achegando unha idea de negocio sobre a que se creará un equipo multidisciplinar para impulsar a mesma.

2

Achegando unha idea de negocio e traballando sobre a mesma co equipo que ti propoñas.

3

Formando parte dun equipo multidisciplinar que se creará para apoiar unha idea de negocio.

Unha das ideas forza do programa é **promover que persoas con traxectorias e experiencias diversas se completen entre si**, co obxectivo de acadar unha labor máis eficiente e eficaz e, en consecuencia, mellores resultados. Para iso, organizaranse **dinámicas** (tanto en liña como presenciais) que impulsen o contacto e a creación de espazos pensados para o traballo conxunto.

Ademais, os proxectos seleccionados disporán de **acompañamento especializado** para avanzar no seu desenvolvemento dentro do ámbito da economía social, a través da figura do **interim manager**, **talleres de xestión e dirección empresarial**, así como a posibilidade de acceder a **financiamento para a súa constitución**.

FASES DO PROGRAMA

1.

XERANDO E
SELECCIONANDO IDEAS



2.

CONFORMANDO
EQUIPOS



3.

FORMANDO, APOIANDO E
IMPULSANDO
COOPERATIVAS



PROGRAMA DETALLADO

1. XORNADA DE "XERANDO E SELECCIONANDO IDEAS" 3 HORAS

- ◆ Xornada de presentación e dinámica LEGO

2. XORNADA DE "CONFORMANDO EQUIPOS" 3 HORAS

- ◆ Escape Room de emprendemento en economía social
- ◆ Coñecendo o perfil emprendedor das persoas participantes

3. FORMANDO, APOIANDO E IMPULSANDO COOPERATIVAS 16 HORAS

DEFININDO MODELOS DE NEGOCIO

- S1. Investiga o teu mercado. Obxectivos e DAFO (2H)
- S2. Deseñando modelos de negocio de economía social (2H)

XESTIÓN COOPERATIVA

- S3. Coñecendo a Cooperativa. Tipos, obrigas e lexislación (2H)
- S4. Estatutos. Regulamento Interno e Libros contables (2H)
- S5. Planificación estratéxica e xestión interna nas cooperativas (2H)

COMPETENCIAS FINANCEIRAS E COMUNICATIVAS


- S6. Conformar os números da túa entidade (2H)
- S7. En busca da túa clientela e como comunicarte con ela (2H)

SE CONSEGUIES CONFORMAR E CREAR O TEU PROXECTO

- S8. BUSQUEDA DE AXUDAS PARA O TEU PROXECTO DE ECONOMÍA SOCIAL (2H)

INSCRIPCIÓN ▶ Ata o 30 de outubro

Entra en: [Inscripción ES-Factory Coop](#)



- 1** Escolle a túa porta de entrada:
 - ◆ Teño unha idea emprendedora
 - ◆ Quero unirme a un equipo
 - ◆ Xa teño unha idea e un equipo para comezar
- 2** Completa os datos básicos e a túa dispoñibilidade.
- 3** Recibirás a confirmación e os primeiros pasos a seguir por correo.

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

Es_factory

España - Portugal

ES-Factory Coop

COOPERATIVA DE IMPULSO AO EMPREENDEMENTO

Unimos persoas, facemos proxectos

CONTACTO

Para calquera dúbida ou consulta,
podes contactar connosco a través de:

✉ usc@es-factory.eu

📷 [economia_social_usc](#)

☎ 687333709



ES-Factory Coop
COOPERATIVA DE IMPULSO
AO EMPREENDEMENTO

